CCNN TEMA 3

As células sexuais femininas son os óvulos, e prodúcense nos ovarios. Un óvulo novo madura aproximadamente cada 28 días.

As células sexuais masculinas son os **espermatozoides**, que se forman nos testículos. A produción de espermatozoides é permanente.

A **fecundación** consiste na unión entre un espermatozoide e un óvulo, o que dará lugar a outra célula chamada **cigoto**. Para que iso ocorra, os espermatozoides deben nadar desde a vaxina da muller ata as trompas de Falopio. Despois, o cigoto divídese repetidas veces ata formar o **embrión**. Este adhírese ás paredes do útero, onde se desenvolverá dando lugar ao **meniño**.

Este esquema representa o proceso da fecundación ata a formación do embrión. Pon cada nome onde corresponda.

espermatozoide – óvulo – cigoto – embrión – meniño



Completa as seguintes frases:

- As células sexuais femininas son os _____.
- As células sexuais masculinas son os _____.
- Os novos óvulos maduran aproximadamente en _____ días.
- Os espermatozoides prodúcense nos _____.
- A célula resultante da unión dun espermatozoide e dun óvulo é o _____.